

Considerando que o expediente consta cos informes favorables de Secretaría-Intervención e o da Comisión Especial de Contas.

Vista a proposta da Alcaldía na que se sinala.

Resultando necesario utilizar os recursos económicos que establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por RDL 2/2004, de 5 de marzo, entre os que se encontra a referida taxa de instalacións e apertura de establecementos, tramitouse o expediente administrativo para impoñer e ordenar dito tributo.

Vistos os informes de Secretaria e de Intervención unidos o expediente e polo que propoño o Pleno que acorde:

1. Aprobar provisionalmente a ordenanza unida a este expediente e que regula a citada taxa.

2. O presente acordo provisional, expoñelo o público así como a ordenanza citada e o resto do expediente polo prazo de 30 días hábiles mediante edictos insertos no BOP e no taboleiro de anuncios. Dentro do citado prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

3. Rematada a exposición pública o Pleno adoptará o acordo definitivo que proceda, resolvendo as reclamacións que se houberen presentado no seu caso e aprobando a redacción definitiva da ordenanza.

No caso de que non se houberan presentado reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario e considerarase definitivamente aprobada a ordenanza.

4. O acordo definitivo que se houbera adoptado ou o provisional elevado a definitivo xunto co texto da ordenanza publicarase no BOP.

5. A referida ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP sendo de aplicación dende esa data.

Aberto o turno de deliberacións pola Presidencia, polo Sr. Alcalde manifestase "é unha ordenanza similar a existente noutros Concellos. Pagarase pola apertura de establecementos. Pretendemos sobre todo que paguen as empresas de parques eólicos, explotacións mineiras e outras industrias ou empresas por actividades similares".

Pechado o turno de deliberacións pola Presidencia, o Pleno por unanimidade e en votación ordinaria dos seus membros presentes acorda aprobar a proposta da Alcaldía citada.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DE LA TAXA POR TRAMITACIÓN DE LICENZAS DE INSTALACIÓN E APERTURA DE ESTABLECEMENTOS.

Artigo 1ª. FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das

#### Anuncio

Habéndose elevado a definitivo por non haberse presentado reclamacións durante a exposición pública, o acordo plenario adoptado en sesión ordinaria celebrado o día 01/02/08 transcribese a continuación xunto coa ordenanza fiscal, todo elo de conformidade co disposto no artigo 17.4 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladoras das Facendas Locais.

7.- EXPEDIENTE DE IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DA TAXA POR TRAMITACIÓN DE LICENZAS DE INSTALACIÓN E APERTURA DE ESTABLECEMENTOS.

Por Secretaría de orde da Presidencia, deuse conta o Pleno do estado actual do expediente para a aprobación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por tramitación de licenzas de instalación e apertura de establecementos.

Facendas Locais, aprobado por RDL 2/2004 de 05 de marzo o Concello de Riotorto establece a taxa por tramitación dos procedementos de outorgamento de licenzas de instalación e de licenzas de apertura de establecementos.

#### ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE.

1. Constitúe o feito impoñible da Taxa de actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a unificar si os establecementos industriais e mercantís reúnen as condicións de tranquilidade, sanidade e salubridade e calquera outras esixidas polas correspondentes ordenanzas e regulamentos municipais ou xerais para o seu normal funcionamento, como presuposto necesario e previo para o outorgamento por este Concello da licenza de apertura ou de actividade.

2. A tal efecto, terá a consideración de apertura:

a) A instalación por vez primeira de establecemento para dar comezo as súas actividades.

b) A variación ou ampliación da actividade desenvolvida no establecemento, aínda que continúe o mesmo titular.

c) A ampliación do establecemento e calquera alteración que se leve a cabo neste e que afecte as condicións sinaladas no número 1 deste artigo, esixindo nova verificación da mesma.

3. Entenderase por establecemento industrial ou mercantil toda edificación ou instalación, esté ou non aberta o público, que non se destine exclusivamente a vivenda, e que:

a) Se dedique o exercicio de algunha actividade fabril, industrial, artesán, da construción, comercial e de servizos.

b) Aínda sen desenrolarse aquelas actividades que sirvan de auxilio ou complemento para as mesmas, ou teñan relación con elas en forma que se proporcionen beneficios ou aproveitamento, como, por exemplo, sedes sociais, axencias, delegacións ou sucursais de entidades xurídicas, escritorios, oficinas, despachos ou estudos.

#### ARTIGO 3º. SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos contituíntes as persoas físicas e xurídicas y as entidades a que se refire o artigo 36 da Lei Xeral Tributaria que soliciten persoalmente ou a través de representación, a licenza de instalación ou apertura correspondente.

Son suxeitos pasivos substitutos do contribuínte as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 36 da Lei Xeral Tributaria que figuren no expediente como titulares da actividade para a cal se solicita a oportuna licenza, ou, no seu defecto, o propietario do ben inmóble no que se pretenda desenrolar ou se desenvolva a actividade industrial ou mercantil.

#### ARTIGO 4º. RESPONSABLES.

Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os apoderados, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

#### ARTIGO 5º. COTA FIXA.

A cota integra da taxa pola tramitación de licenzas de instalación e licenzas de apertura constará de un comprobante fixo de 200 euros.

#### ARTIGO 6º. TARIFA DE SUPERFICIE.

A cota fixa expresada no artigo anterior incrementarase a razón de 1 euro por cada metro cadrado do edificio do local onde se exerza ou se pretenda exercer a actividade.

Os efectos do cálculo da superficie do local consideraranse os datos obrantes no expediente de outorgamento da licenza municipal de obras ou, no seu defecto, os obrantes nos padróns tributarios ou nos recollidos en documento público notarial ou rexistral.

No suposto de actividades que non se efectúan nun local pechado, como as extractivas de minerais, xeración de enerxía a través de colectores solares, parques eólicos... etc. A tarifa modulada en función da superficie calcularase a razón de 0,1 euros metro cadrado das parcelas afectadas pola actividade a desenvolver.

#### ARTIGO 7º. COEFICIENTE DE CUALIFICACIÓN.

A cantidade resultante da aplicación conxunta das cotas recollidas nos artigos anteriores, aplicarase un coeficiente que valorará a diferente complexidade dos procedementos de instalación e apertura da actividade.

Os coeficientes de calificación serán os seguintes:

- Para as actividades non calificadas: 1.

- Para as actividades que obteñan a calificación de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas: 1,50.

- Para as actividades suxeitas na súa tramitación o previsto na Lei de control integrado da contaminación e centrais xeradoras de enerxía: 2.

- Para as actividades extractivas de minerais e instalacións de telecomunicacións: 6.

#### ARTIGO 8º. COTA INTEGRA.

A cota integra do tributo corresponderá coa contía resultante de aplicar o coeficiente de calificación a suma da cota fixa da tarifa de superficie.

No suposto de alteración das condicións persoais da licenza (cambio de titular), a cota integra reducirase nun 60%.

#### ARTIGO 9º. DEVENGO

1. Devengase a taxa e nace a obrigación de contribuir, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito impoñible. A estos efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de apertura, si o suxeito pasivo formulase expresamente ésta.

2. Cando a apertura xa esté feita sen ter obtido a oportuna licenza, a taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para autorizar a apertura do establecemento ou decretar o seu cierre, si non fora autorizable dita apertura.

3. A obrigaón de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada, en modo algún, pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión de ésta condicionada a modificación das condicións do establecemento, nin pola renuncia ou desistimento do solicitante unha vez concedida a licenza.

4. A obrigaón do pago da débeda tributaria nace no momento en que se produza a notificación do acto administrativo que poña fin o procedemento.

#### ARTIGO 10º. XESTIÓN TRIBUTARIA.

A liquidación da taxa efectuarase polos servizos administrativos municipais nos termos establecidos na Lei Xeral Tributaria.

#### ARTIGO 11º. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción da taxa.

#### DISPOSICIÓN FINAL

A ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP sendo de aplicación dende esa data.

Contra a presente ordenanza poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nos termos establecidos no artigo 19 do RDL 2/2004 ou calquera outro recurso que se estime pertinente.

Riotorto, 11 de abril de 2008.- O Alcalde, Federico Xosé Gutiérrez Estoa.